

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 3394/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, en exercicio das funcións de Alcaldía, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 23 de xuño de 2021, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2021, con número de expediente: 3394/2021.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) **Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 5 días. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarse no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión....”

Vista a base xeral 8.3 que sinala “(...) **LISTA DEFINITIVA.-** Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital...”

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade da contratación de un posto de socorrista pendente de cubrir para a participación na vixiancia das praias, e atendendo ao inicio da época de verán.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para o día 12 de xullo de 2021 ás 12:00 h., con carácter urxente, ós efectos de levar a cabo a revisión da documentación presentada polo aspirante, elaborar proposta de lista provisional de admitidos e excluídos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

